

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA XXIV EDICIÓN DO FESTIVAL DE CINE INTERNACIONAL DE OURENSE - OUFF

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar coa **Deputación Provincial de Ourense** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura **ata o 30 de decembro de 2019**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración en actividades relacionadas coa vixésimo cuarta edición do Festival de Cine Internacional de Ourense- OUFF, que se desenvolverá do 27 de setembro ao 5 de outubro de 2019 en diversos espazos da cidade ourensá, ofrecendo un amplo programa conformado polas seccións competitivas e outras seccións complementarias

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Deputación Provincial de Ourense, dende a súa área de políticas culturais, organiza a edición de 2019 do Festival de Cine Internacional de Ourense-OUFF, un dos acontecementos máis destacados en Galicia na súa especialidade, coa aspiración histórica de significarse como o festival audiovisual por excelencia da comunidade autónoma, un festival que converte a cidade ourensá, durante os días de duración do evento, nunha verdadeira “cidade de cine” na que o público pode gozar de producións cinematográficas non estreadas nos circuitos, de ciclos centrados en actores, directores e cinematografías de prestixio internacional que abrangue numerosas nacionalidades, ao tempo que se erixe como un punto de encontro anual para os profesionais do sector en Galicia.

Organizado nas últimas edicións polo Concello de Ourense, en 2018 esta entidade cede a marca OUFF e a organización do evento á Deputación de Ourense para dotalo tanto dende o punto de vista organizativo como económico de cara a seguir apostando pola continuidade dun evento considerado o máis antigo de carácter internacional que se celebra en Galicia, cun selo diferencial que traspasa as propias fronteiras; un certame polo que pasaron, ao longo das 23 edicións, máis de 140 países dos cinco continentes e os máis destacados profesionais do eido audiovisual e durante o que se levaron a cabo numerosas mesas redondas, mercados, masterclasses, encontros, conferencias, presentacións e cursos que foron convertendo o OUFF nun referente na promoción do cine español e, de forma destacada, do cine galego. Neste sentido, merece destacarse a dedicada aposta do certame polo audiovisual galego, ao que sempre concedeu un gran protagonismo, servindo de gran escaparate e punto de encontro, xa dende as súas primeiras edicións, para a industria cinematográfica galega.

A Agadic e a Deputación consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante 2019 que profundicen na potenciación do sector audiovisual galego a través da colaboración neste evento, que destaca pola súa firme aposta polo audiovisual galego e polo seu continuo esforzo en contar con ampla participación nacional e internacional.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao



ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

